

# FESTA do VIÑO do CONDADO

XXIX MOSTRA FILATÉLICA

49



na "Casa do Conde"

29 a 31-VIII-2008

Salvaterra de Miño

## M<sup>º</sup> ELISA ABAD SUÁREZ

Naceu en Ourense no ano 1960.

Licenciada en Ciencias Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (1977-1982). Profesora do Colexio "Cardenal Cisneros" de Ourense dende o ano 1984. Membro da Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño de Ourense.



## Os viños galegos na filatelia

M<sup>a</sup> Elisa Abad Suárez



O viño é lenda desde o seu nacemento, agasallo dos deuses que se renova cada outono. A súa historia en terras galegas é moi antiga. De feito, corre parella á aventura dos romanos en terras de Hispania. Hoxe en día, podemos gozar do magnífico viño do Ribeiro, o portentoso albariño das Rías Baixas, os maxestosos tintos da Ribeira Sacra, os rexios caldos de Monterrei ou os admirables viños de Valdeorras. E todo iso grazas aos famosos mosteiros como Armenteira, Oia, San Clodio ou Santo Estevo porque, entre as súas paredes, os monxes de orixe francesa ensinaban técnicas e impuñan o cultivo da vide. Galicia é un mosaico de viños e na maioría das casas de campo hai unha adega e un agricultor que ten un oco moi especial para as súas viñas.

### SELOS

No campo filatélico pódense atopar dous selos alusivos ao tema rexional ambos pertencentes a unha serie dedicada aos Viños con Denominacións de Orixe que esperemos que se amplíe incluíndo as outras tres denominacións galegas.

### Rías Baixas

O primeiro selo da nova serie destinada a dar a coñecer os viños españois con Denominación de Orixe, foi o dedicado aos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Foi emitido o 27 de xullo do ano 2002 con estampación en oco gravado, papel estucado, engomado e fosforescente, dentado  $13 \frac{3}{4}$ , formato vertical de 28,8 x 40,9 mm.; con tirada de 1.200.000 selos distribuídos en pregos de 50 e o seu valor postal é de 0,25 €.

O selo foi deseñado polo pintor, debuxante e deseñador gráfico Felipe Sánchez Pedrero (FESANPE).



### Ribeiro

E o último, ata a data desa serie, é o que promociona os viños da Denominación de Orixe Ribeiro acollido de bo grado por todos os ourensáns.

Foi posto en circulación o 1 de setembro de 2004 aínda que a súa presentación oficial na nosa terra tivo lugar





o 3 do mesmo mes no Hotel Mosteiro de San Clodio de Leiro; foi impreso en papel estucado, engomado fosforescente polo procedemento de oco gravado, con dentado 13 3/4, formato vertical de 28,8 x 40,9 mm.; con tirada de 1.000.000 selos distribuídos en pregos de 50 e o seu valor postal é de 0,27.

Como dato curioso, resaltar que a imaxe que ilustra o selo é un acio de uvas da variedade "Loureira" fotografado nunha viña pertencente a José Luís Rodríguez, carteiro de Prado (Castrelo de Miño - Ourense).

**Condado de Tea** (Subzona das Rías Baixas)

Ademais hai dous selos personalizados nos que se resalta a Festa do Viño do Condado:

- un do ano 2007 con dúas copas de viño e o Castelo de Salvaterra exaltando a 48 edición da festa.

- e outro do 2008 de novo co Castelo, que é a Sede da "Confraría do Viño do Condado de Tea" dende a súa fundación no ano 1996, e un acio de uvas. Corresponde á edición número 49 da festa.



No ano 1967 aparece unha cunca con uvas e follas de videira para ilustrar o cuño da Exposición.



E no ano 1972 unhas vendimadoras ilustran o da VIII Exposición.

### Ribeiro

Nembargantes, a primeira ocasión na que sae á luz un alusivo a unha Feira do Viño é en 1973 coincidindo coa X Feira-Exposición do Viño do **Ribeiro** celebrada en Ribadavia; cun parón en 1978, o último da serie ata o día de hoxe, corresponde ao ano 1982.

Como se pode observar son semellantes; só variou o xeito de indicar a edición da feira que ó principio era con números romanos e nas edicións 18 e 19 cambiou.

É no ano 2004 cando emiten o selo dedicado á Denominación de Orixe Ribeiro, e como en cada nova emisión, Correos acompañaa dun cuño de Primeiro día de Circulación; nesta ocasión é do 1 de setembro de 2004 e a localidade, Madrid.

### CUÑOS

Con todo, é grato lembrar que os cuños forman parte importante do material filatélico e temos marcas postais conmemorativas de eventos relacionados cos nosos caldos.

### Valdeorras

Un acio de uvas sae por primeira vez en Galicia nun cuño da Exposición Filatélica celebrada en setembro de 1964 no **Barco de Valdeorras**.





**Rías Baixas**

En 1974 sae o primeiro cuño en **Cambados** con motivo da XXII Festa do Viño Albariño que só volveu aparecer en 1976.

O 27 de xullo de 2002 saen os do Primeiro Día de Circulación do selo da Denominación de Orixe Rías Baixas; un en Madrid e outro en Cambados (Pontevedra).



Os deseños foron moi variados na primeira serie deles; así nos anos 76 e 77 aparece un acio de uvas, no 78, 79 e 80 un barril, no 81 unha xerra e unha cunca, no 82 un paisano bebendo unha cunca de viño do condado, no 83 un paisano sacando viño dun barril, no 84 outro paisano botando viño nunha cunca.

No 1989 uns vendimadores con cestos de uvas, no 90 un acio tinto e outro branco do Condado, no 91 unha folla de parra, no 92 unha cunca de viño, no 93 unha xerra, no 94 unha parra de uvas co escudo da vila, no 95 o Deus do viño "Baco" e no 96 un paisano servindo viño.

A partires de 1997 e ata a actualidade, a maioría deles engaden no deseño algún símbolo da zona: a ponte sobre o Miño, Nosa Sra. da Oliveira, a ponte sobre o Tea, o Cristo da Victoria, as Covas de Dona Urraca, a Casa do Concello, a Casa do Conde, o Castelo de Dona Urraca,...

O último ata o momento presenta no deseño parte do Castelo de Salvaterra de Miño ó carón dun acio de uvas e o escudo da vila.



A palma, en canto a número, lévaa a localidade pontevedresa de **Salvaterra de Miño** que desde o ano 1976 emite cuños conmemorativos da Festa do Viño do Condado ata 1984 e desde 1989 á actualidade.





En **O Rosal** deléitannos con novidades que acompañan á Feira do Viño da zona desde o segundo ano da súa creación coincidindo coa I Exposición Filatélica que se organizou para o evento; así contamos cunha serie iniciada en 1994 que se renovou anualmente. No deseño do primeiro aparece o escudo da vila, un acio de uvas, unha botella e unha copa enmarcados dentro dun selo.

Cabe destacar que ademais do acio de uva e a copa de viño, en varios deles acompañase dunha rosa resaltando así a simboloxía da localidade.

Coincidindo cos anos Xacobeos 1999 e 2010 o cuño levaba ademais un peregrino e unha cuncha de vieira, respectivamente.

O do ano 2001 foi dedicado a Santiago Ruíz, coñecido adegueiro de San Miguel de Tabagón e colleiteiro de renome.

O último corresponde ó 18 de xullo de 2008 festexando a XVI Feira do Viño do Rosal; recolle un bonito e curioso detalle dun neno asociado a un acio de uvas, inspirado nunha das columnas salomónicas do retablo do altar maior da igrexa parroquial da vila.






### Ribeira Sacra

En 1999 emítese, na localidade lucense de **Monforte de Lemos**, un cuño con motivo da Mostra de Viños da Ribeira Sacra celebrada os días 15 e 16 de maio.


### RODILLOS

#### Ribeiro

En canto a **rodillos**, **Ribadavia** é a vila que máis dedicou ao viño; tívoos moi similares desde 1973 a 1982 invitando a visitar a Feira-Exposición de Viños do Ribeiro.



Despois aparece outro no ano 1988 que incorpora ó deseño un acio de uvas, unha botella e un vaso; destacar que nesa edición o pregoeiro da Festa foi D. Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" eminente etnógrafo, profesor, arqueólogo, debuxante, ... e filatelista.



O último estivo en vigor do 15 de setembro ao 15 de outubro do 2004; nel pódese ver o logotipo do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro.



### Ribeira Sacra

Dando a coñecer a Feira do Viño de Quiroga (Lugo), temos o primeiro rodillo o ano 2004 funcionando do 10 ao 11 de abril.



O do 2005 inclúe o escudo da localidade e funcionou do 26 de febreiro ó 20 de marzo.

Nos anos 2006 e 2007 o deseño dun acio de uvas foi similar.



O último estivo en vigor do 22/02/08 ata 22/03/08 e retomou o escudo no seu deseño.

Aquí remata o percorrido polos elementos filatélicos dos que dispomos no 2008; sérvennos para non esquecer ese néctar de deuses da nosa terra.

Beber un bo viño galego é beber parte da historia, da cultura, da tradición e ata da lenda dunha Galicia misteriosa, poética e que non deixa de sorprendernos cada día.

